




A INVESTIGACIÓN VITIVINÍCOLA EN AUSTRALIA

Mar Vilanova e Javier Tardáguila

Sistema de Investigación e Desenvolvemento da Industria Vitivinícola Australiana



Fonte: www.gwrdc.com.au

A industria vitícola australiana é mundialmente recoñecida pola súa competitividade, enfoque global, presenza nos principais mercados mundiais polo notable éxito logrado polos seus viños. Sen embargo, o que máis chama a atención é o curto período de tempo que lle levou atinxir este liderato mundial. Australia produce ó redor da terceira parte do viño que España, con só 160.000 hectáreas de viñedo, é dicir, case 8 veces menos da superficie vitícola española. Nos últimos

anos o sector vitivinícola australiano tivo unha medra espectacular, batendo todos os record. Aumentou notablemente a súa superficie vitícola, a produción de viño e as súas exportacións.

Hoxe, Australia xa non é un país nin novo nin emerxente no sector, é unha puxante realidade, coa máis moderna vitivinicultura mundial. Despois de describir os riscos máis importantes do sector vitivinícola australiano (Tardáguila et al.,

2005), neste artigo descríbese unha das chaves do éxito, unha forte actividade I+D+i.

Actualmente esta industria conta con máis de 70 institucións interrelacionadas que operan a nivel nacional e rexional.

Australian Wine and Brandy Corporation (AWBC) foi creada

para promover o viño e a marca Australia no mundo, subministrar información e promover unha regulación que garanta a calidade do viño Australiano.

A Corporación para a investigación e o desenvolvemento da Videira e o Viño (GWRDC), é a principal institución coordinadora da investigación en Australia. Esta entidade trata de promover e organizar a investigación vitivinícola en Australia, agrupando produtores, adegueiras e administración pública. Os seus obxectivos son planear, financiar e administrar os programas de I+D+i. A GWRDC elaborou un informe coñecido como "Estratexia 2025", no que contempla as actuacións para conducir á industria viñícola australiana cara o liderato mundial. Para iso desenvolveron varios programas de actuación dirixidos cara a innovación e tecnoloxía, produción eficiente, calidade e diferenciación, marketing e administración.

As dúas organizacións dependen de administración privada, que dá resposta do seu desempeño á industria, e do estado, que fiscaliza e controla o seu labor. O resto das asociacións son unha mestura de administración público-privado ou simplemente privada, pero sempre relacionadas entre si mediante estruturas de goberno e/ou proxectos en conxunto.

A lei vitivinícola australiana establece o pago obrigatorio de impostos dos produtores de viño e uva, que permite o financiamento da administración e programas das organizacións mencionadas. Deste xeito, os produtores de uva pagan 1,2 € por tonelada de uva e as adegas aportan 1,8 € por tonelada de uva elaborada. Ademais, o goberno aporta unha cantidade equivalente ao recadado pola industria cos impostos establecidos para investigación, cun tope no 0,5% do valor bruto da produción (GDP). Actualmente a industria inviste un 0,3% do GDP por tanto conta cun forte estímulo para aumentar o inves-

timento en I + D + i . (G R W D C A n n u a l R e p o r t 2 0 0 3 - 2 0 0 4) .

Os recursos gubernamentais destinados a investigación proveñen de fon-

dos diferentes aos da recadación da industria. O GWRDC contou cun orzamento para investigación en 2003-04 de 8,613 millóns de €, dos cales 4,3 millóns de € corresponden ao aporte da industria e 4,1 ao aporte adicional do Commonwealth (GRWDC Annual Report 2003-2004) (Táboa 1)

As liñas de investigación financiadas foron Innovación e Tecnoloxía (Programa 1), Produción Sostible (Programa 2), Calidade e Diferenciación (Programa 3), Intelixencia de Mercado (Programa 4) e Administración dos Programas (Programa 5). O investimento na campaña 2003-04 para cada programa pode verse no Gráfico 1.

En resumo, o estado Australiano establece instalacións formais, que facilitaron e obrigaron ao desenvolvemento da colaboración.

Táboa 1. Inversión (€) en investigación no 2004.


Operadores	Viticultura	Enoloxía
Commonwealth	1.570.802	2.549.555
Industria	1.714.606	2.598.879
Interese Inversión	83.094	72.529
Total contribucións	3.368.502	5.220.963

Por unha parte, fixou un marco lexislativo que existe á industria investir na propia industria, en beneficio dela mesma; por outra parte, estableceu unha rede de instalacións que son administradas por privados. Así, é a industria quen decide en qué proxectos quere investir (Castro C. 2004)

As persoas destinadas á investigación vitivinícola é de 160 investigadores (60% de Institutos e 40% de Universidades), o que equivale a 70 investigadores a xornada completa e un investigador por cada 1000 ha de viñedo.

Como executores da investigación, en Australia o GWRDC conta cunha rede de institucións executoras ás que lle asigna proxectos e recursos. Máis do 60% do I+D+i é levada a cabo polo Australian Wine Research Institute (AWRI) e o Cooperative Research Center for Viticulture (CRCV).

Gráfico 1. Programa de gastos en investigación na campaña 2003-2004



Fonte: Annual Report 2003-2004 de GWRDC

